O.J.D.: No hay datos
E.G.M.: 87000
Tarifa (€): 1512

Galicia Hoxe

Fecha: 02/02/2011
Sección: GALICIA
Páginas: 11

:: DÍA MUNDIAL

A presión industrial e urbanística condena os humidais á desaparición, como evidencia a destrución eólica das turbeiras do Xistral. Biólogos e ecoloxistas responsabilizan a Xunta pola ausencia dunha política de xestión. Borregón prevé incluír 200 destes espazos na Rede Natura

Galicia perde o seu patrimonio húmido

REBECA **FERNÁNDEZ**

Recheos, piscifactorías, campos de golf, parques eólicos, polígonos industriais, encoros, infraestruturas de comunicación... As continuas agresións que sofre o noso medio natural convértense nunha auténtica ameaza para os máis de 1.000 humidais incluídos no inventario galego, levándoos ó bordo da desaparición. Unha situación que só se explica pola ausencia total de políticas de xestión e conservación por parte da Xunta. Así o cren biólogos e ecoloxistas, que unen as súas voces para alertar no Día Mundial dos Humidais que se celebra hoxe da febleza duns ecosistemas tan descoñecidos como vitais para a conservación da biodiverdade, a regulación hídrica e a loita contra o cambio climático, ó funcionar como reservorios naturais de carbono.

Galicia é o territorio do Estado con maior diversidade de lagoas, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras, ocupando unhas 7.678 hectáreas da nosa xeografía. A pesar desta diversidade só cinco gozan de protección legal: o Complexo Húmido de Corrubedo, o Complexo intermareal Umia-O Grove, a lagoa de Valdoviño, a Ría de Ortigueira e a de Ribadeo, o que sitúa á nosa comunidade á cola en canto a políticas de conservación destes espazos. Unha blindaxe que, para Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega), se volve moi feble no día a día, como demostra o baleirado sufrido na lagoa da Frouxeira (Valdoviño) ou os danos causados pola construción dunha praia artificial e un porto na ría de Ortigueira. Ademais, instrumentos vitais para a súa protección como o Plan do Litoral (POL) non constitúen para Adega ningunha seguridade, ó deixar "vía libre" á instalación de industrias, co seu conseguinte impacto nos ecosistemas.

Son reservorios de carbono e inflúen na regulación hídrica

"A Xunta é a principal responsable da degradación destes espazos", esgrime Fins Eirexas, secretario executivo de Adega. Un diagnóstico que comparte Emilio Rodríguez, secretario do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia: "Contamos cun rico patrimonio húmido pero existe un importante déficit de xestión, principal causante da súa degradación". Para Rodríguez, o papel da Administración galega na conservación destes ecosistemas está a ser nula, favorecendo non só a súa deterioración, senón que sobrevivan illados e sen conexión entre si, levándoos á perda irremediable da biodiversidade que albergan. Para Adega, a xestión inadecuada destes ecosistemas provocou en moitos casos o sangrado, entullado, desecamento e destrución dun bo número de humidais galegos, como evidencia as desaparecidas lagoas de Pantín (Valdoviño) e Corme, a degradación das turbeiras do Xistral como consecuencia da acción dos eólicos ou a situación crítica que viven as

Os costeiros, os máis ameazados, minguaron un 60% a nivel estatal

Gándaras de Budiño. Os costeiros son, de todos os humidais existentes, os que corren máis perigo debido, entre outras cousas, á maior presión que sofren. Á ocupación poboacional –co 70 por cento da poboación vivindo na franxa atlántica– hai que sumarlle o crecente interese privado polos terreos litorais, cunha multiplicación nos últimos anos de industrias, infraestruturas e inmobles. "A contaminación e o urbanismo, cunha apetencia desmedida por edificar na costa, son os principais causantes da súa degradación", apuntan dende o Colexio de Biólogos. Unha situación que coloca a Galicia na senda do Estado, onde xa desapareceron o 60 por cento dos humidais costeiros.

Fronte a esta situación, as receitas de ecoloxistas e biólogos son coincidentes: aumento da lista de humidais protexidos, cumprimento estrito da lexislación ambiental, ordenación do territorio e restauración dos ecosistemas danados, tal e como establecía o Plan de Recuperación dos Humidais anunciado en 2004 e do que nada se sabe.

Consciente da relevancia dos humidais, a dirección xeral de Conservación da Natureza da consellería

O 80% da superficie inventariada gozará de maior protección

de Medio Rural prevé paliar a falta de protección coa inclusión de ata 200 humidais na Rede Natura. "Coa proposta de ampliación na que se traballa, engadiranse 11.300 hectáreas ás 45.270 xa incluídas en Natura 2000, co que se alcanzará o 80% da superficie de humidais inventariados", informan fontes de Medio Rural, que ven no futuro Plan Director da Rede Natura de Galicia un importante instrumento de planificación e xestión dunha boa parte dos humidais do país. Ademais, o departamento dirixido por Ricardo García Borregón está revisando e actualizando o Inventario dos Humidais, que se verá ampliado, así como o estatal. ●

RADIOGRAFÍA

Humidais

Lugares da lista Ramsar situados en Galicia

Humidais inventariados por provincia, en %



Humidais galegos na lista Ramsar

Ría Ribadeo.
Ano ingreso: 4 de outubro de 1994
Tipos de humidais*:
Estuarios
Baixos intermareais de lodo, area ou con solos salinos
Pantanos e esteiros
Augas mariñas e superficiais permanentes
Costas mariñas rochosas
praias de area ou de seixos

Rías de Ortigueira e Ladrido.
Ano ingreso: 8 de maio de 199
Tipos de Humidais:
Baixos intermareais de lodo, area ou con solos salinos
Estuarios
Pantanos e esteiros
Augas mariñas superficiais permanentes
Praias de area ou de seixos
Costas mariñas rochosas

Valdoviño
Ano ingreso: 26 de marzo de 1993
Tipos de humidais:
Lagoas costeiras salobres/salgadas
Praias de area ou de seixos
Pantanos e esteiros
Humidais boscosos de auga doce
Ríos/arroios permanentes

Corrubedo.
Ano de ingreso: 26 de marzo de 1993
Tipos de humidais:
Praias de area ou de seixos
Lagoas costeiras salobres/salgadas
Augas mariñas superficiais permanentes
Pantanos e esteiros
Lagoas costeiras de auga doce
Ríos/arroios permanentes
Pantanos/esteiros/charcas permanentes de auga doce

Umia-Grove
Ano de ingreso: 5 de decembro de 1989
Tipos de humidais:
Baixos intermareais de lodo, area ou con solos salinos
Augas mariñas superficiais permanentes
Estuarios
Lagoas costeiras de agua doce.
*Tipos en orde de dominancia no ecosistema.

XF ● **GALICIA HOXE**

Fonte: Inventario dos humidais de Galicia.

AXENDA ■ Medio Rural desprázase ata Corrubedo en compañía de escolares e ata Rábade para resolver o concurso de fotos e debuxo sobre estes hábitats

Corenta voluntarios de Adega 'móllanse' nas lagoas de Xuño

Hai hoxe corenta anos, na cidade iraniana de Ramsar asinouse o Convenio de Humidais de Importancia Internacional, no que se marcaron os obxectivos para a conservación e a xestión destes ecosistemas. Para conmemorar esta data, a Función Biodiversidade e o Centro Español de Humidais (Cehum) –dependentes do Ministerio de Medio Ambiente– celebrarán cinco actuacións simultáneas para reverter a degradación destes ecosistemas no marco dunha acción denominada 'Móllate polos humidais'. Galicia é unha das zonas escollidas grazas a un proxecto que desenvolverá a asociación ecoloxista Adega, no marco do seu popular Proxecto Ríos. Un total de corenta voluntarios, organizados en catro grupos, desprazaranse ata as lagoas de Xuño e Muro, no concello coruñés de Porto do Son, para proceder a eliminar as especies invasoras detectadas na contorna deste espazo. Conscientes de que a presenza de especies exóticas invasoras é, tras a destrución do hábitat, a principal causa de perda de biodiversidade do mundo, técnicos de Adega desprazáronse ata este humidal costeiro para detectar manchas illadas de especies foráneas, sobre as que actuarán ó longo de hoxe.

Mais os ecoloxistas non serán os únicos que celebren o Día Mundial dos Humidais. Medio Rural desenvolverá dous actos paralelos en dous espazos senlleiros: as lagoas de Carregal e Vixán do parque natural de Corrubedo e as de Rábade, en Lugo. No humidal costeiro, a directora do parque, África Núñez, explicará a importancia destes ecosistemas ós escolares que participarán na visita organizada pola Xunta. Mentres, o director xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García Borregón, desprazarase ata Rábade, onde concederá os premios de foto e debuxo convocada pola Administración autonómica con motivo do Día Mundial dos Humidais.

Seminario do Ceida en Oleiros

O Ceida tamén conmemora a data coa celebración en Oleiros unhas xornadas para dar a coñecer os valores ecolóxicos dos humidais, así como seu potencial e materia de educación ambiental.